

O PRONOME PERSOAL TÓNICO. FORMAS.

As formas dos pronomes persoais van asociadas ás funcións que desempeñan dentro da cláusula, distinguíndose unha serie tónica coas funcións de suxeito e termo dunha frase preposicional, e unha serie átona coas funcións propias de acusativo e de dativo. Convén estudármolas separadamente:

NÚMERO	PERSOA	SUXEITO	FORMAS OBLICUAS			
			LIBRES		LIGADAS	
			NON REFL.	REFL.	NON REFL.	REFL.
SING.	1ª	eu	min		comigo	
	2ª	ti		contigo		
	3ª	el, ela	si	----	consigo	
PLURAL	4ª	nós		connosco		
	5ª	vós		convosco		
	6ª	eles, elas	si	----	consigo	

Algunhas particularidades dignas de seren destacadas dentro das formas tónicas son as seguintes:

a) ao lado de **ti** e **el** existen as formas dialectais **tu** e **il**; a primeira ocupa unha grande extensión no territorio galego, sendo a forma etimolóxica correspondente ao nominativo latino (ti provén do dativo *ubi* en tanto **tu** (forma común co portugués, onde tamén existe **ti** como variante dialectal) só funciona como suxeito, **ti** pode ser suxeito e complemento preposicional:

b) *min*, *comigo* poden funcionar ou non como reflexivos, igual que *ti*, *contigo*; *comigo* e *contigo* proveñen do latín *mecum* e *tecum*, que, ao perderen a noción da presenza de con nas formas antigas *migo* e *tigo*, se reforzaron con esta preposición pleonástica en posición inicial; o mesmo aconteceu con *consigo*, *connosco* e *convosco*:

*Resúltame magoante e misterioso que non esteas **connosco** dende a primeira hora*
(Blanco-Amor,XL259)

*-Seis, dúas están de dormida e as ouíras cos rapaces que viñeron **convosco**.*
(Blanco-Amor, XL 308)

De iren seguidos de certos pronomes identificadores ou cuantificadores, *connosco* e *convosco* son substituídos polas formas non contractas (*Veu **con nós** os dous; Irá **con vós** mesmos*).

c) Ao lado de *nós* e *vós* existen as formas *nosoutros*, *vosoutros*, que na metade norte da provincia de Lugo, no extremo norte da provincia da Coruña e no galego de Asturias son as

únicas formas que se rexistran como suxeitos; parecen formas estrañas á provincia de Ourense, á metade sur da de Lugo e á metade oriental da de Pontevedra; no resto pode dicirse que conviven, aínda que en situación desvantaxosa para *nosoutros*.

d) o pronome de cortesía *vostede(s)*, coa variante *vosté(s)*, é a forma de segunda persoa para o tratamento cortés; o verbo que o acompañar irá en terceira persoa e as formas oblicuas correspondentes serán tamén as de terceira persoa (*Quere vostede que o leve?*; *Se vostede o desexar, deixareille o meu libro*);

Vosté qu'é rexo serraui e üe non doe almorzar tardeiro. (Otero,AL47)

-¿Toda ista obráfaina vosté?, pergunteille. (Cunqueiro, EM 100)

e) a forma **elo** non ten vixencia no galego actual e por tanto o seu uso non se debe considerar correcto; a lingua habilitou outros recursos no seu lugar: o normal é utilizarmos un demostrativo invariábel ou outra construción equivalente (*Tes de aprobar e para iso cómpre estudares*).

f) **si**, **consigo** son sempre reflexivos e por conseguinte só se poden usar en construcións reflexivas: *Comprouno para si* (mesmo) / *para el* (outra persoa); *Fala consigo* (mesmo) / *Fala con el* (outra persoa). Non se debe admitir como correcta na cláusula: *É un egoísta porque compra todo para *el* esta última forma, pois ao haber coincidencia co suxeito o pronome é reflexivo e por tanto debe usarse a forma reflexiva (para si).

g) as contraccións **del**, **dela**, **nel**, **nela** etc., son de uso obrigado se a preposición acompaña o pronome como relator e termo, respectivamente, dunha frase preposicional (*Os libros son deles*; *Nela está a solución*), mais non se poden realizar as contraccións se a preposición for co verbo, a introducir a cláusula, sendo o pronome tónico de terceira persoa o suxeito (*De eles chegaren antes, teríamos ido*; *En ela chegando, marcharemos*).